

## LENDA DE "AS LAVANDEIRAS DA NOITE"

As Lavandeiras segundo a mitoloxía son mulleres vellas, de rostro seco e engurrado que viven nas fontes. Poden verse de noite lavando. Se alguén pasa, invítano a retorcer a roupa. Se o camiñante acepta, ten que tratar de non retorcer a roupa no mesmo sentido que elas, pois, si o fai, as desgrazas sucederanse e ata se pode morrer. A roupa que lavan está manchada de sangue que nunca se borra. Crese que son espíritos de mulleres mortas no parto, das que abortaron, ou tamén de nenos mortos sen bautizar. O velas é de mal augurio.



As Lavandeiras son espíritos da mitoloxía galega, cántabra e asturiana. A diferenza das dúas últimas, nas lendas galegas, estes seres adoitan representarse como mulleres vellas co rostro engurrado, cabelos brancos e ollos avermellados e aterradores, vestidas con roupas negras, panos de varias cores e adornadas con diferentes colares e pulseiras. Nalgunhas ocasións adoitan cubrir os seus cabelos con chapéus amplos e grandes.

Adoitan durmir nas aciñeiras ou nas grutas dos bosques e aparecen nas noites de lúa chea, nas beiras dos ríos que se desbordan, onde lavan sabas manchadas de sangue que nunca desaparecen.

Óeselles moi a miúdo polo ruído que provocan as súas palas ao golpear a roupa e as súas desagradables voces. Dise que son as pantasmas das mulleres que morreron no parto ou que deixaron morrer aos seus fillos sen bautizar e que as sabas que están intentando lavar con tanto freneá están manchadas do seu propio sangue, a dos seus fillos ou a de alguén que está próximo a morrer en vida.

As lendas din que si te atopas con algunha, esta invítache a que colabores no seu tétrico traballo. Non debes renunciar a súa proposición xa que si o fas, fatais desgrazas caerán sobre ti. Ademais debes ter coidado, xa que nunca, baixo ningún concepto, debes escorrer as sabas no mesmo sentido ao que o fai o espírito pois iso traerache mala sorte para sempre, incluso a morte. O único modo coñecido de liberarse destes seres é pasar onda elas sen dirixirlle palabra algunha en canto as vexas. Se che falan estás perdido a non ser, claro, que colabores con elas. É curioso que na mitoloxía de Bretaña tamén existan estes seres, os cales están condenados a lavar a roupa eternamente polos pecados cometidos en vida, e do mesmo xeito que na mitoloxía galega, adoitan suplicar aos camiñantes que lles axuden. A diferenza principal aquí estriba en que se accedes morrerás afogado.

Ata hai unha clara referencia na mitoloxía celta nas lendas de Cu Chulainn, nas que o seu bo amigo druída advírtelle antes de que entre en batalla de que hai unha lavandeira no río e que se acode a ese lugar morrerá. O heroe celta fai caso omiso facendo especial fincapé en que lle importa pouco que unha pantasma lave roupa ensanguentada; pouco despois morre nesa batalla quizais por despeito de tal funesto espírito.

## A LAVANDEIRA DE NOITE

Era unha noite de lúa  
era unha noite clara  
eu pasaba polo río  
da volta da muiñada.

Topeime cunha lavandeira  
que lavaba ao car da auga  
ela lavaba no río  
eu unha cantiga cantaba:

Moza que vés do muíño  
moza que vas pola estrada  
axúdame a retorcer  
miña saba lavada.  
nana, nana, na na...  
hai nana, nana, na na...

Desparece a lavandeira  
como fumeira espallada  
hai nana, nana, na na...  
hai nana, nana, na na...

Onde as sábanas tendera  
poza de sangue deixara  
era unha noite de lúa  
era unha noite clara?..  
nana, nana, na na...  
hai nana, nana, na na...

(Letra de "A lavandeira de noite", NOAH e CARLOS NÚÑEZ)

